

GKN DRIVELINE VIGO ACOLLE UNHA NOVA CAMPAÑA DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

GKN Driveline Vigo recibe o martes 12 de maio unha nova visita das unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). Esta empresa viguesa comezou a acoller campañas de doazón no ano 1995 e, no transcurso destas tres décadas, ten acadado un total de 7.121 doazóns de sangue.

Nesta oportunidade, os traballadores e traballadores que desexen doar sangue poderán acudir ata a unidade móbil que estará estacionada diante dos servizos médicos en horario de 09:30 ás 14.30 e das 15:30 ás 21:00 horas.

A Axencia quere amosar o seu sincero agradecemento á xerencia de GKN Driveline Vigo polo seu decidido apoio e compromiso coas campañas de fomento da doazón de sangue.